

AIBŌ

相棒

Aibō significa compañeir@ en xaponés, esa é a palabra que mellor se axusta para definir esta fábula inspirada na Carapuchiña Vermella. Trátase dunha visión diferente do conto popular que pretende dar unha ollada constructiva sobre a nosa relación coa natureza e tamén sobre o trato que temos con outros seres diferentes a nós.

A historia está creada partindo do *Kishōtenketsu*, unha técnica narrativa oriental que ten unha estrutura en catro actos nos que se amosan eventos que en aparencia non teñen relación, pero a suma deles forma un todo que os trascende.

○ *Kishōtenketsu* parte da contemplación do universo, de entender como é e de aceptalo sen máis.

